

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Historia e Teoría da Literatura Dramática
ASIGNATURA	Teoría e análise dramática
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	
CURSO	1º- (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Almudena Pérez de Oliveira
DOCENTES	<p><b>Nome e apelidos:</b> Almudena Pérez de Oliveira</p> <p><b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a></p> <p><b>Despacho:</b> D4</p> <p><b>Contacto:</b> <a href="mailto:almudenaperezdeoliveira@edu.xunta.gal">almudenaperezdeoliveira@edu.xunta.gal</a></p>
DESCRICIÓN	Estudo teórico e aplicado dos conceptos instrumentais e teorías básicas para a análise dos textos da literatura dramática, afondando na interpretación dos seus trazos formais, estilísticos e de xénero e atendendo á especificidade das competencias do perfil profesional do intérprete.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren.
LINGUA NA QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, das emocións, das actitudes e das condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos adecuados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas cales comparte obxectivos e retos.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE</b>	
<b>E15</b>	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>E16</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Comprensión e valoración dos textos dramáticos e doutros textos literarios en relación co seu contexto de creación.	T8, X3, E15, E16
2. Emprego adecuado e produtivo dunha terminoloxía técnica básica no eido da análise textual.	T2, X6
3. Distinción dos trazos máis significativos dos xéneros e subxéneros dramáticos.	T2, T8
4. Distinción dos trazos máis significativos das distintas correntes literarias.	
4. Detección e interpretación das relacións intertextuais das obras.	T8, X3
5. Expresión precisa e técnica das propias ideas en relación cos textos, tanto oralmente como por escrito.	T1, T8
6. Análise comparativa de textos, da mesma corrente ou de correntes diferentes, e de manifestacións artísticas diversas.	T15, T14
7. Dominio da metodoloxía de investigación bibliográfica, incorporando as novas tecnoloxías e facendo un uso adecuado das mesmas.	T3, X1
8. Interpretación da obra dramática de xeito aplicado á especialidade de Interpretación.	X5, E15, E16
9. Participación activa en presentacións e debates, defendendo con rigor as ideas propias, fomentando o respecto e a escoita das ideas alleas.	T8, X3, X7
10. Estimulación da autonomía de traballo e o interese persoal pola materia tratada.	T1, T2, X1, X7

<b>4. CONTIDOS</b>		
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>
TEMA 1: PERÍODOS LITERARIOS DA TRADICIÓN OCCIDENTAL. ACTORES E COMPAÑÍAS TEATRAIS	1.1. Grandes etapas na historia da cultura occidental e na súa literatura dramática. 1.1.1. Literatura clásica. 1.1.2. Literatura medieval. 1.1.3. Literatura no Renacemento. 1.1.4. Barroco. 1.1.5. Romanticismo. 1.1.6. Realismo e Naturalismo.	15
	2.1. O xénero dramático.	

TEMA 2: (Transversal) XÉNERO E SUBXÉNEROS DRAMÁTICOS. ASPECTOS INTERPRETATIVOS	2.2. Xéneros maiores. 2.3. Xéneros menores.	10
TEMA 3: O TEXTO DRAMÁTICO: CARACTERÍSTICAS ESENCIAIS.	3.1. O Texto dramático: características esenciais. 3.2. Esquema básico da análise do texto dramático.	10
TEMA 4: APLICACIÓN DOS ELEMENTOS DO TEXTO DRAMÁTICO Á INTERPRETACIÓN	4.1. Liñas de acción e conflito dramático. 4.2. Os personaxes. 4.3. O diálogo e as acoutacións.	25
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>60</b>

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2		2
Exposición maxistral	18		18
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias	5	55	60
Traballos de aula <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comentarios de textos</li> <li>▪ Guías de lectura</li> <li>▪ Debate e análise colectiva na aula</li> <li>▪ Exercicios de aplicación teórica</li> <li>▪ Probas teóricas</li> </ul>	8 10 10 3	10 30 5 20	18 30 15 30 3
Titorías individuais	3		3
Actividades de avaliación. Revisión.	1		1
<b>TOTAL</b>	<b>60</b>	<b>120</b>	<b>180</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>40%</b>	<b>60%</b>	<b>100%</b>

#### 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINO E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate coa fin de proporcionar na aula os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias	O alumno deberá ler os textos da literatura dramática universal obrigatorios aplicando e asimilando os contidos manexados na aula.
Traballos de aula	A docente sinalará os traballos de aula a realizar ao longo de cada tema. Poderán ser: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <u>Guías de lectura</u>: O alumno deberá realizar na casa unha guía de</li> </ul>

	<p>lectura de cada un dos textos de lectura obrigatoria seguindo, de maneira esquemática, as pautas dadas pola docente. Esta guía levarase obrigatoriedade á aula para traballar con ela nos debates colectivos e nos exercicios de aplicación teórica.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <u>Debate e análise colectiva na aula:</u> O alumno deberá expoñer as súas percepcións con respecto aos textos lidos e aos contidos concretos que presente a docente.</li> <li>▪ <u>Comentarios de texto:</u> O alumno deberá analizar correctamente calquera texto ou fragmento aplicando os conceptos explicados pola docente.</li> <li>▪ <u>Exercicios de aplicación teórica:</u> Partindo de un ou varios fragmentos, o alumno deberá aplicar os conceptos teóricos explicados pola docente.</li> <li>▪ <u>Probas teóricas:</u> O alumno deberá contestar a unha serie de preguntas teóricas sobre as definicións e conceptos explicados pola docente.</li> </ul>
--	--

#### 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que poidan xurdir en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente coa profesora a través do correo electrónico.

#### 8. FERRAMIENTAS DA AVALIACIÓN

**O alumno deberá establecer unha comunicación previa coa docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e particularidades do seu exame.**

##### 8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
<p>A avaliación ordinaria para os alumnos que teñan dereito á <b>avaliación continua</b> responderá ao seguinte modelo:</p> <p><b>1. Media aritmética dos traballos de aula propostos:</b></p> <p>a) Comentarios de texto (60 %).</p> <p>b) Exercicios de aplicación teórica (10 %).</p> <p>c) Probas teóricas (30 %).</p>	T2,T3, T8,T15, X1, E15, E16	90%

<p><b>2. Actitude. Seguimento diario:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Guías de lectura.</li> <li>- Participación activa, respectuosa e ordenada nas actividades de aula (debates, comentarios de textos, etc.) tanto de carácter individual coma de grupo.</li> </ul> <p>Puntualidade nas entregas.</p>	T8, X3, X5, X7, EI5, EI6	10%
<p><b>IMPORTANTE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os traballos presentados fóra de prazo terán unha cualificación de 0.</li> <li>▪ Calquera copia de material sacado da rede ou doutro soporte sen facer referencia explícita a súa procedencia implicará o suspenso na materia.</li> <li>▪ Terán a consideración de suspensos os traballos ou exames que teñan unha redacción, presentación ou ortografía inadecuada.</li> </ul>		
<p><b>8.2. Avaliación extraordinaria</b></p>		
<p><b>Ferramenta / actividade</b></p>	<p><b>Competencias avaliadas</b></p>	<p><b>Ponderación</b></p>
<p>Na convocatoria de xullo o alumno deberá examinarse dos contidos aos que se refire o temario. O exame poderá constar de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unha primeira parte teórico-práctica composta por un número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica vinculadas ao temario da materia</li> <li>- A segunda parte, práctica, será en forma de comentario de texto (completo ou parcial) e deberase empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicadas na materia.</li> </ul> <p>ou ben poderá consistir nunha proba de análise a modo de comentario de texto (completo ou parcial) no que se deberá empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicadas na materia.</p>	T1,T2,T3,T8,T14,T15,X1,X3 ,X5, X6, X7, EI5, EI6	100%
<p><b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b></p>		
<p><b>Ferramenta / actividade</b></p>	<p><b>Competencias avaliadas</b></p>	<p><b>Ponderación</b></p>
<p>Os estudantes que perdan o dereito a avaliación continua por ausentarse a máis dun 10% das horas da materia deberán someterse ao exame final de xaneiro.</p> <p>O exame poderá constar de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unha primeira parte teórico-práctica composta por un número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica vinculadas ao temario da materia</li> <li>- A segunda parte, práctica, será en forma de comentario de texto (completo ou parcial) e</li> </ul>	T1,T2,T3,T8,T14,T15,X1,X3 ,X5, X6, X7, EI5, EI6	100%

<p>deberase empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicadas na materia.</p> <p>ou ben poderá consistir nunha proba de análise a modo de comentario de texto (completo ou parcial) no que se deberá empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicadas na materia.</p>		
--	--	--

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIALES Y OTROS RECURSOS

### Obras de lectura obrigatoria:

Para as prácticas de análise traballarase, segundo a evolución do cuadrimestre, con unha ou dúas obras do século XX escollidas pola docente en función das necesidades da materia.

### REFERENCIAS BÁSICAS

GARCÍA BARRIENTOS, J.L. (2001). *Cómo se comenta una obra de teatro*, Madrid: Síntesis.

TORRES MONREAL, F. y OLIVA, C. (1990). *Historia básica del arte escénico*, Madrid: Cátedra.

### REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

BOBES NAVES, M.C. (1987). *Semiología de la obra dramática*, Madrid: Taurus.

DE SANTOS, José Luis Alonso (2007). *Manual de teoría y práctica teatral*. Editorial Castalia.

ESTÉVANEZ CALDERÓN, D. (1996). *Diccionario de términos literarios*, Madrid: Alianza.

GARCÍA BERRIO, A. y HUERTA CALVO, J. (1995). *Los géneros literarios: Sistema e historia*, Madrid: Cátedra.

GARRIDO GALLARDO, M.A. (1998). *Teoría de los géneros literarios*, Madrid: Arco-Libros.

HERNÁNDEZ GUERRERO, J.A. y GARCÍA TEJERA, M.C. (2005). *Teoría, historia y práctica del comentario literario*, Barcelona: Ariel.

LÁZARO CARRETER, F. y CORREA CALDERÓN, E. (1990). *Cómo se comenta un texto literario*, Madrid: Cátedra.

LÓPEZ CASANOVA, A. (2001). *Diccionario metodológico de análisis literaria*, Vigo: Galaxia.

PAVIS, P. (1996). *Diccionario del teatro*, Barcelona: Paidós comunicación.

PLATAS TASENDE, A.Mª. (2000). *Diccionario de términos literarios*, Espasa.

RODRÍGUEZ FER, C. (1991). *Arte literaria*, Vigo: Xerais.

SPANG, K. (1991). *Teoría del drama: lectura y análisis de la obra teatral*, Pamplona: Ed. Universidad de Navarra.

VIEITES, M. F. (1996). *Análise e interpretación de textos dramáticos*, Vigo: Galaxia.

VILLEGAS, J. (1991). *Nueva interpretación y análisis del texto dramático*, Ottawa: Girol Books.

## 10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- Coordinación coas materias Linguaxe Musical I de 1º de Interpretación, Danza I de 1º de Interpretación, Iniciación á Coreografía I de 3º de Interpretación, Iluminación II de 2º de Escenografía e Iluminación IV de 3º de Escenografía.
- Seguir a referencia APA empregada na escola para a presentación de traballos  
<https://esadgalicia.com/calidade/> [IP701.16 Formato redacción traballos diversos](#) [IP701.19 Formato dos traballos](#)